

Todas as xeracións dos últimos douscentos anos coídamos estar presenciando un cambio revolucionario. A utilización da máquina de vapor na industria e no transporte, a difusión da electricidade nos fogares e nas empresas, o avance nas vadiñas e nos antibióticos, o telégrafo, o teléfono... Estas e outras innovacións tiveron un impacto comparable nas sociedades do seu tempo ao que hoxe poden ter os microprocesadores, os novos materiais, ou Internet. Existen ao menos, porén, dúas diferencias. Por un lado, o ritmo de cambio tecnolóxico e a velocidade de difusión das innovacións non foi nunca tan veloz. Por outro lado, as novas tecnoloxías dixitais están comezando a substituír competencias exclusivamente humanas como a capacidade de crear ou aprender. Todo isto ten obviamente consecuencias no vertice que a cidadanía sente diante dos cambios sociais e medioambientais que as novas tecnoloxías provocan.

Dende que o Consello Económico e Social de Galicia presentou en 2018 a súa iniciativa “Por unha alianza polo sector industrial galego”, hai tan so 4 anos, estes fenómenos non fixeron máis que intensificarse espectacularmente. Galicia atópase nun momento, de feito, no que probablemente o despregue das tecnoloxías dixitais depende máis da nosa apertura cognitiva, cualificación e consensos básicos, que das posibilidades que esas tecnoloxías permiten en si mesmas. Por iso non é trivial reparar na transformación dixital da nosa sociedade como un proceso; non tanto como un obxectivo. En primeiro lugar porque o ritmo de cambio das novas tecnoloxías é incompatible coa perspectiva dun punto final a alcanzar. Nunha terminaremos de “transformarnos dixitalmente”. E, en segundo lugar, porque ese proceso de transformación é necesario para abordar o verdadeiro obxectivo de longo prazo: mellorar o benestar da cidadanía galega en sintonía co medio ambiente. Isto é o que neste informe se chama Sociedade 5.0; unha sociedade centrada nas persoas que, integrando o ciberespazo e o espazo físico, logre equilibrar o avance económico coa resolución de problemas sociais. Neste informe ofrécense reflexións para sustentar as decisións que, dende hoxe mesmo, condicionarán as posibilidades de que este desiderátum se faga realidade durante a próxima década.

GALICIA 2030: UNHA DIXITALIZACIÓN 4.0 PARA UNHA SOCIEDADE 5.0



GALICIA 2030: UNHA DIXITALIZACIÓN 4.0 PARA UNHA SOCIEDADE 5.0

Colección Informes 1/22

